



A tele de R ‘volve ao cole’ con fútbol de primeira e todo o entretemento

- *O novo Servizo R Infinity HomeBox revoluciona a experiencia de entretemento do público pola súa calidade de imaxe e son premium e múltiples aplicacións de uso.*
- *R reforza a súa oferta de entretemento e complementa os seus combos con fútbol de LALIGA EA SPORTS (primeira división) 3 meses gratis e despois 10 €/mes durante un ano grazas ao seu acordo con DAZN.*
- *O operador galego mantén a mellor oferta de cine e series coa opción TV Total, Netflix, HBO Max, SkyShowtime, Disney+ ou Amazon Prime; e agora tamén, fútbol de primeira.*

Luns, 11 de agosto de 2025.- R irrompe na nova tempada cunha oferta de tele*, que inclúe fútbol de LALIGA EA SPORTS (primeira división) após o seu acordo con DAZN, un servizo cun descodificador *premium Infinity HomeBox* e un “todo incluído” con máis de 90 canles de tele e as principais plataformas do mercado.

5 partidos de fútbol de LALIGA EA SPORTS por xornada en canles de DAZN

Quen contraten con **R** o combo co paquete de fútbol de DAZN gozarán durante un ano, por só 10 € máis ao mes, dos 5 partidos por xornada das 35 xornadas de LALIGA EA SPORTS que emite a plataforma en DAZN LALIGA 1 e DAZN LALIGA 2 (sempre a través do descodificador do servizo de tele de **R**).

Ademais, a oferta de tele do *combo infinito* para quen se fagan de **R** inclúe, tamén durante un ano, dúas liñas móbiles de tarifa ilimitada, a opción TV Total (con toda LALIGA HYPERMOTION), Netflix, SkyShowtime, HBO Max e tres meses gratis de DAZN.

*Agile Content a través de OVER THE TOP NETWORKS IBÉRICA, S.L.U. é provedor do servizo de televisión de **R** (Fan e Total TV).



Á súa vez, os clientes de **R** poderán engadir ao seu combo de servizos o paquete de fútbol cos 5 partidos por xornada das 35 xornadas de LALIGA EA SPORTS que emite DAZN LALIGA por só 10 € ao mes o primeiro ano.

Experiencia única de entretemento co Servizo **R Infinity HomeBox**

Esta tempada **R** dá tamén un salto de valor en televisión co seu novo Servizo **R Infinity HomeBox**, que inclúe o descodificador *premium Infinity HomeBox*. Este equipamento supón unha verdadeira revolución na experiencia de uso do público de tele, ao incorporar son inmersivo grazas ao seu **sistema de audio deseñado por Bang & Olufsen con Dolby Atmos**.

Polas súas múltiples funcionalidades (UHD HDR10+, Dolby Vision, Dolby Atmos...), este descodificador punteiro convértese no centro de entretemento do fogar, dotado dunha nova interface de tele máis áxil, dinámica e moderna que, entre outras cousas, facilita o acceso sinxelo ás canles. O Servizo **R Infinity HomeBox** destaca especialmente polo seu son da máxima calidade grazas ao deseño de audio de Bang & Olufsen e é compatible con todos os usos: *streaming* 4K, videoxogos en liña, teletraballo... polo que a súa utilidade se multiplica para tirarlle o máximo rendemento.

Os/as clientes/as de **R** poden contratar o Servizo **R Infinity HomeBox** por 5 euros ao mes ou formar un combo infinito XL cun xiga de fibra, dúas liñas móbiles de tarifa ilimitada e a opción TV Total co descodificador *Infinity HomeBox* de **R** incluído.

Adicionalmente, para completar a experiencia de audio inmersiva, poderanse engadir os altosfalantes traseiros envolventes compatibles exclusivamente co decodificador *Infinity HomeBox* de **R** por só 3 € ao mes adicionais durante 48 meses.

Sobre DAZN

DAZN, o destino de referencia para os fans do fútbol europeo, do fútbol feminino, do boxeo, as MMAs e a NFL (fóra de EE. UU.), está a construír a plataforma definitiva de entretemento deportivo, con dereitos de competicións de primeiro nivel, tecnoloxía de última xeración e distribución multiplataforma. DAZN quere que os afeccionados de todo o mundo poidan ver deporte, ler noticias, apostar, xogar, compartir, socializar, comprar entradas e merchandising, todo nun único lugar, cunha soa conta e moedeiro e na mesma app. Para obter máis información sobre DAZN, os seus produtos, equipo directivo e actividade, visita www.dazngroup.com

Sobre R

R é o operador de telecomunicacións líder de Galicia que ofrece servizos da internet, telefonía fixa, telefonía móbil, banda arxa televisión dixital e luz + gas. E para empresas, solucións IoT (Internet das cousas), tecnoloxía de Smart Cities e Industria 4.0. Como marca recoñecida con forte implicación local e líder en fibra óptica e servizos converxentes de telecomunicacións, R é a opción preferida nos fogares e empresas de Galicia alí onde ten despregada a súa rede de fibra óptica. Dende abril de 2024 forma parte de MasOrange, líder do sector das telecomunicacións en España por número de clientes/as e o operador galego é a insignia do grupo en Galicia, onde xa superou a cifra de 1,7 millóns de fogares cubertos coa fibra óptica máis avanzada do mercado e máis do 90% da poboación con dispoñibilidade de acceso ao 5G. (R.gal)

comunicación R

prensa@mundo-r.net

R.gal